



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURAL E DEPORTES
SECCIÓN DE EDUCACIÓN E CULTURA

Expediente relacionado: 2024000000066

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA O NOMEAMENTO DAS PERSOAS QUE FORMARÁN PARTE DO XURADO DO VIII PREMIO “BEGOÑA CAAMAÑO” Á ACCIÓN CULTURAL POLA IGUALDADE DE XÉNERO

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña

De conformidade coas bases reguladoras do programa citado, publicadas no BOP número 41 de 27 de febreiro de 2024 publicáronse as Bases do VIII Premio "Begoña Caamaño" á acción cultural pola igualdade de xénero, que foran aprobadas pola resolución da Presidencia número 2024/7086, cuxa convocatoria foi publicada no BOP número 59 de 22 de marzo de 2024

Logo de ver os informes da Sección de Cultura e do Servizo de Fiscalización,

RESOLVO:

Primeiro.- Nomear o xurado do premio, que estará composto polas persoas seguintes:

Presidenta: Natividad de Jesús González Rodríguez, deputada de Cultura, Igualdade, Lingua e Dereitos Civís

Vogais: Lucía Canoura Sánchez
María Obelleiro Hermida
Sergio Díaz Marey
Eva María Mejuto Rial
Daniela Ferrández Pérez

Secretaria: Manuela Muñiz Souto, xefa da Sección de Educación e Cultura

Segundo.- Fixar os honorarios que se abonarán as persoas do xurado de acordo co seguinte:

Número expediente	Nome e apelidos	DNI	Importe honorarios
2024000026594	CANOURA SANCHEZ, LUCIA	***3520**	800,00€

2024000026596	MARIA OBELLEIRO HERMIDA	***0822**	800,00€
2024000026597	SERGIO DÍAZ MAREY	***5427**	800,00€
2024000026598	MEJUTO RIAL, EVA MARIA	***1598**	800,00€
2024000026599	DANIELA FERRÁNDEZ PÉREZ	***5298**	800,00€

Terceiro.- Aprobar que as cantidades sinaladas sexan aboadas no seu momento, despois da retención do IRPF correspondente, con cargo á partida 0612/3341/22609, documento contable A , número de operación 220240009785, do vixente Orzamento.

Cuarto. Establecer as seguintes instrucións en materia de protección datos, de conformidade coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais:

Finalidade

Mediante a presente cláusula habilitase ao xurado como encargado do tratamento, para tratar por conta da Deputación da Coruña, responsable do tratamento, os datos de carácter persoal necesarios coa finalidade de executar as prestacións derivadas do presente nomeamento.

O xurado utilizará os datos persoais só para a finalidade obxecto deste nomeamento. En ningún caso poderá utilizar os datos para fins propios.

Datos persoais

Categoría de persoas interesadas: persoas participantes no VIII Premio "Begoña Caamaño" á acción cultural pola igualdade de xénero.

Tipoloxía de datos: nome e apelidos, NIF/NIE, teléfono de contacto, enderezo electrónico, código postal, formación, campo profesional.

Obrigacións

O encargado do tratamento está obrigado a:

a. Utilizar os datos persoais obxecto de tratamento só para a finalidade obxecto deste nomeamento.

b. Cumprir en todas as fases de desenvolvemento do xurado, na súa terminación e con posterioridade, a normativa nacional e da Unión Europea na materia de protección de datos, sendo responsable de calquera infracción desta.

c. Presentar, se é o caso, antes da execución, unha declaración na que poña de manifesto onde van estar situados os servidores e desde onde se van prestar os servizos asociados a estes.

d. Comunicar calquera cambio que se produza, ao longo da vida do xurado, da información facilitada na declaración a que se refire a letra c) anterior.

e. Comunicar, se teñen previsto subcontratar os servidores ou os servizos asociados a estes, o nome ou o perfil empresarial, definido pola referencia ás condicións de solvencia profesional ou técnica, dos subcontratistas aos que se vaia encomendar a súa realización.

f. Tratar os datos de acordo coas instrucións do responsable do tratamento.

g. Non comunicar os datos a terceiras persoas, salvo que conte coa autorización expresa do responsable do tratamento, nos supostos legalmente admisibles.

h. Non subcontratar ningunha das prestacións que formen parte do obxecto deste xurado que comporten o tratamento de datos persoais, salvo os servizos auxiliares necesarios para o normal funcionamento dos servizos do encargado.

- Se fose necesario subcontratar algún tratamento, este feito deberase comunicar, previamente e por escrito, á Deputación da Coruña, cunha antelación de quince días hábiles, indicando os tratamentos que se pretenden subcontratar e identificando, de forma clara e inequívoca, a empresa subcontratista e os seus datos de contacto. Poderá levar a cabo a subcontratación se a Deputación non manifesta a súa oposición no prazo de dez días hábiles.
- O subcontratista, que tamén terá a condición de encargado do tratamento, queda sometido expresamente á normativa nacional e da Unión Europea en materia de protección de datos e está obrigado igualmente a cumprir as obrigacións establecidas neste documento para o encargado do tratamento e as instrucións que dite o responsable. Corresponde ao encargado inicial regular a nova relación, de forma que o novo encargado quede suxeito ás mesmas condicións (instrucións, obrigacións, medidas de seguridade...) e cos mesmos requisitos formais que el, no referente ao adecuado tratamento dos datos persoais e á garantía dos dereitos das persoas afectadas. No caso de incumprimento por parte do subencargado, o encargado inicial seguirá sendo plenamente responsable ante o responsable no referente ao cumprimento das obrigacións.

i. Manter o deber de secreto respecto dos datos de carácter persoal aos que tivese acceso en virtude do presente xurado, mesmo despois de que finalice o seu obxecto.

- Evitarase o acceso de persoas non autorizadas aos datos persoais, e deixar os datos persoais expostos a terceiros. Cando calquera persoa se ausente do posto de traballo, bloquearase a pantalla ou pecharase a sesión.
- Os documentos en papel e soportes electrónicos almacenaranse en lugar seguro (armarios ou estancias de acceso restrinxido) durante as 24 horas do día.
- Non se refugarán documentos ou soportes electrónicos (CD, lapis de memoria, discos duros, etc.) con datos persoais sen garantir a súa destrución.
- Non se comunicarán datos persoais ou calquera información persoal a terceiros.
- O deber de secreto e confidencialidade persistirá, mesmo cando finalice a relación laboral da persoa traballadora coa entidade.

j. Garantir que as persoas autorizadas para tratar datos persoais se comprometan, de forma expresa e por escrito, a respectar a confidencialidade e a cumprir as medidas de seguridade correspondentes, das que hai que informar convenientemente.

- Garantirase a existencia de contrasinais para o acceso aos datos persoais almacenados en sistemas electrónicos.
- Cando aos datos persoais accedan distintas persoas, para cada persoa con acceso aos datos persoais, dispoñerase dun usuario e contrasinal específicos (identificación inequívoca).
- Garantirase a confidencialidade dos contrasinais, evitando que queden expostas a terceiros.
- En ningún caso se compartirán os contrasinais nin se deixarán anotadas en lugar común e o acceso de persoas distintas da persoa usuaria.

k. Garantir a formación necesaria en materia de protección de datos persoais das persoas autorizadas para tratar datos persoais.

l. Manter, ao dispor da Deputación da Coruña, a documentación acreditativa do cumprimento das obrigacións establecidas nos apartados anteriores.

m. Asistir ao responsable do tratamento na resposta ao exercicio dos dereitos de protección de datos e axudar a garantir o cumprimento das obrigacións establecidas nos artigos 32 a 36 do RXPDP, tendo en conta a natureza do tratamento e a información a disposición do encargado.

n. Notificar ao responsable do tratamento, sen dilación indebida, e en calquera caso antes do prazo máximo de 24 horas, as violacións da seguridade dos datos persoais ao seu cargo das que teña coñecemento, xuntamente con toda a información relevante para a documentación e comunicación da incidencia. (Non será necesaria a notificación cando

sexa improbable que a devandita violación da seguridade constitúa un risco para os dereitos e as liberdades das persoas físicas.)

Correspóndelle ao encargado do tratamento comunicar as violacións da seguridade dos datos á Autoridade de Protección de Datos e ás persoas interesadas, naqueles supostos en que os datos se traten exclusivamente cos sistemas do encargado. A comunicación conterá, como mínimo, a información establecida nos artigos 33 e 34 do Regulamento xeral de protección de datos (RXPD) e ao mesmo tempo deberá notificar ao responsable do tratamento.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor, alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se poda exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente